


A circular fresco of a bearded man with a halo, likely a saint or scholar, holding a book and a quill. The text "MATERIAE SYNTHESIS" is overlaid in a serif font.

MATERIAE SYNTHESIS

PROGRAMA DE LATÍN DE 2º DE BACHARELATO

INTRODUCCIÓN

O Programa desta asignatura organízase en torno a tres eixos ou Áreas:

ÁREA GRAMATICAL

Continúa o iniciado no curso anterior, coa intención de coñecermos algo máis de preto a estrutura dos textos latinos. O obxectivo será conseguirmos traducir secuencias máis ou menos longas de textos latinos, tanto en prosa como en verso. Para iso, durante o primeiro trimestre repasaremos os contidos gramaticais adquiridos durante o curso anterior a través de textos sinxelos; estes iranse facendo progresivamente máis complexos. Axiña, contra o final do primeiro trimestre, traballaremos xa sobre os dous autores obxecto de atención no curso: Eutropio (historiador do s. IV d. C.) en prosa, e Fedro (fabulista do s. I d. C.) en verso.

ÁREA LITERARIA

Enlazando tamén co ano pasado, este aspecto cumprirá a misión de seguir presentando unha visión da literatura romana, centrada para este curso en cinco xéneros literarios: teatro, historiografía, oratoria, lírica e épica. Inclúe unha serie de lecturas obrigadas, que se realizarán tanto nas sesións de aula como de xeito particular por parte dos alumnos, e que serán suxeitas, como o resto dos contidos do curso, a control de coñecementos. Igualmente, veremos como perviviron os xéneros literarios latinos ó longo dos séculos posteriores, ata chegar ós nosos días.

ÁREA LÉXICA

Durante este curso, prestaremos atención a varios temas nos que se pode comprobar a pervivencia do latín nas nosas linguas. Deterémonos nos mecanismos de formación de palabras que tiña a lingua latina (e que nos transmitiu), e tamén nas bases léxicas latinas nas que repousa gran parte do noso vocabulario científico, técnico, filosófico, lingüístico e literario.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os alumnos deberán amosar os seguintes coñecementos mínimos:

Área gramatical: análise sintáctica e tradución minimamente correctas e coherentes de fragmentos de textos latinos breves. A fin de curso será obrigado conseguir este obxectivo sobre secuencias de 4-5 liñas de prosa mecanografiada en tipo de letra Arial 12 ou similar e/ou 6-7 versos. Os autores de referencia serán o historiador Eutropio e o fabulista Fedro.

Área literaria: coñecemento das características básicas dos xéneros literarios traballados durante o curso (teatro, oratoria, historiografía, lírica e épica), e dos seus autores e obras fundamentais, así como das pervivencias dos xéneros literarios latinos na cultura occidental.

Área léxica: coñecemento demostrado de máis dun 50% das expresións latinas de uso actual e dos topónimos explicados ó longo do curso; igualmente, acreditación suficiente de coñecementos sobre os mecanismos de formación de palabras na lingua latina e da súa herdanza por parte dos nosos idiomas.

Os procedementos e instrumentos de avaliación serán os seguintes:

a) Cando o profesor así o demande, deberán ser completados puntualmente exercicios de tipo variado: redaccións sobre puntos concretos das Unidades, traducións de secuencias en latín, cuestionarios no curso da Aula Virtual do Centro, traballos de comprensión sobre lecturas concretas, incluíndo un traballo sobre o visionado da película *Golfus de Roma (A Funny Thing Happened On The Way To The Forum, Richard Lester, 1966)*. Todos eles serán valorados nunha escala de 1 a 10.

b) Realizaranse tamén exames, nos que se pedirá a demostración de coñecementos das diferentes áreas da materia, aínda que o apartado de tradución terá sempre un peso maior, pois consideramos que a análise e tradución de secuencias latinas constitúe o miolo da nosa área de coñecemento. Os exames serán valorados tamén nunha escala de 1 a 10.



Para o alumnado que falta reiteradamente a clase sen xustificación, o instrumento de avaliación único será un exame final de curso no que se comprobarán os seus coñecementos globais da materia, atendendo ós mínimos esixibles consignados na Programación. No caso de que exista xustificación para as faltas, deseñárase un plan de traballo, de acordo coa tutoría e o Departamento de Orientación, para que os alumnos nesa situación poidan seguir, na medida do posible, o desenvolvemento da materia; neste senso, o emprego do curso da Aula Virtual será a ferramenta fundamental. No caso de non poder realizar os exames trimestrais, de ser posible, estes alumnos deberán realizar unha proba escrita a final de curso.

A nota de cada trimestre outorgarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

1. Nota do(s) exame(s): 70%. Realizarase un único exame no 1º trimestre e dous exames en cada un dos dous seguintes.

IMPORTANTE: No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

2. Entrega puntual dos exercicios e traballos: 30%

IMPORTANTE: Por cada día de retraso na entrega dos exercicios e traballos aplicarase un desconto de 0,2 puntos sobre a súa cualificación.

En principio, non se prevén medios de recuperar os trimestres non superados. En todo caso, cos alumnos que vaian amosando dificultades na asimilación dos contidos poremos en práctica unha estratexia de atención personalizada para poder axudalos a alcanzar as capacidades mínimas: encargáremoslles exercicios concretos para insistir nos aspectos nos que sufran máis atrancos, incluíndo ademais a dispoñibilidade para asesoralos mediante a asistencia nos recreos e/ou a través do correo electrónico (murosenlatin@gmail.com). Con todo, ó final de curso establecerase unha valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Se o trimestre suspendido é un dos dous primeiros, poderanse considerar superados obtendo un aprobado no trimestre final.

2. Se os trimestres suspendidos son dous ou o trimestre final (aínda que sexa este só), o alumno deberá realizar unha derradeira proba cos contidos relativos ó(s) trimestre(s) non superado(s).

3. A nota final de curso establecerase mediante o sistema de media ponderada: as notas dos dous primeiros trimestres terán un valor do 30% da nota final cada un, mentres á nota do terceiro trimestre se lle atribuirá un valor do 40%.

LECTIONES

Lectio 1:

Nocións gramaticais de enlace (I): flexión nominal, verbal, pronominal e palabras invariables.
O dicionario. Introducción á Literatura Romana: elaboración, transmisión e recepción.
Expresións e modismos latinos de uso actual (I). Toponimia (I).

Lectio 2:

Nocións gramaticais de enlace (II): formas nominais do verbo.
Normas xerais para a tradución de textos. Bases latinas do léxico filosófico, lingüístico-literario e científico-técnico (I).
Expresións e modismos latinos de uso actual (II). Toponimia (II).

Lectio 3:

Nocións gramaticais de enlace (III): usos dos casos.
A tradución de textos prosísticos (I) O teatro en Roma.
Expresións e modismos latinos de uso actual (III). Toponimia (III).

Lectio 4:

Nocións gramaticais de enlace (IV): sintaxe das formas nominais do verbo.
A tradución de textos prosísticos (II).
Expresións e modismos latinos de uso actual (IV). Toponimia (IV).

Lectio 5:

Nocións gramaticais de enlace (V): a oración simple.
A tradución de textos poéticos (I). A historiografía.
Expresións e modismos latinos de uso actual (V). Toponimia (V).

Lectio 6:

Nocións gramaticais avanzadas (I): a oración composta.
A tradución de textos poéticos (II).
Expresións e modismos latinos de uso actual (VI). Toponimia (VI).

Lectio 7:

Nocións gramaticais avanzadas (II): coordinación e subordinación.
A tradución de textos prosísticos (III). A oratoria.
Formación de palabras: sufixación. Expresións e modismos latinos de uso actual (VII). Toponimia (VII).

Lectio 8:

Nocións gramaticais avanzadas (III): a subordinación relativa.
A tradución de textos prosísticos (IV).
Formación de palabras: prefixación e composición. Expresións e modismos latinos de uso actual (VIII). Toponimia (VIII).

Lectio 9:

Nocións gramaticais avanzadas (IV): a subordinación substantiva.
A tradución de textos poéticos (III). A lírica.
Expresións e modismos latinos de uso actual (IX). Toponimia (IX).

Lectio 10:

Nocións gramaticais avanzadas (V): a subordinación adverbial.
A tradución de textos poéticos (IV). Pervivencia dos xéneros literarios latinos (I).
Expresións e modismos latinos de uso actual (X). Toponimia (X).

Lectio 11:

Nocións gramaticais avanzadas (VI): a subordinación adverbial "impropia" (I).
A tradución de textos prosísticos (V). A épica.
Expresións e modismos latinos de uso actual (XI). Toponimia (XI).

Lectio 12:

Nocións gramaticais avanzadas (VI): a subordinación adverbial "impropia" (II).
A tradución de textos poéticos (V). Pervivencia dos xéneros literarios latinos (II).
Expresións e modismos latinos de uso actual (XII). Toponimia (XII).